



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATORCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 23)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **catorce de agosto de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Manuel Roel Hernández- Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste a señora Deputada dona Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de agosto de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2019

Primeiro.- *Escrito do Concello de Ourol, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento financiado con cargo a remanentes do Plan Único de Cooperación cos concellos 2019*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ourol, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos con cargo a remanentes no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Oural

O Concello de Oulol presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
OUROL	198	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A BARCES, BORREIROS, LECÍN-O PONTÓN-LU-P-3809, O PORTAL, PONTE DE BETANZOS, O POZO, TUILLE, SILVOSO, AA CORREDOIRA, VILACIMAS 1 E 2, LEBORÍN, O COMBARRO E OS PAZOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	49.229,90€

Por acordo da Xunta de Goberno de data 29/05/2020, aprobouse financiar con cargo a remanentes, quedando incluído no plan único 2019 o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
OUROL	REM	REPARACIÓN E MANTEMENTO DE PISTAS E ACCESOS EN BRAVOS, MIÑOTOS, XERDIZ E MERILLE E CONSTRUCCIÓN DE BADENES REDUTORES EN VILARES.	1531.76201	--	49.229,89€	49.229,89€

O Concello de Oulol presentou Anexo III de obras incluídas, con cargo a remanentes, no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
OUROL	REM	REPARACIÓN E MANTEMENTO DE PISTAS E ACCESOS EN BRAVOS, MIÑOTOS, XERDIZ E MERILLE E CONSTRUCCIÓN DE BADENES REDUTORES EN VILARES.	1531.76201	10.509,89€

Así mesmo, por escrito de data 04/08/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
OUROL	REM	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN LECÍN, COUCE DE PAREDES E PASEO DA REGA	1531.76201	--	10.487,06€	10.487,06€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Oural, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Oural e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
OUROL	REM	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN LECÍN, COUCE DE PAREDES E PASEO DA REGA	1531.76201	--	10.487,06€	10.487,06€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Segundo.- *Escrito do Concello de Foz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento nº 107 do Plan Único de Cooperación cos concellos 2019*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito do Concello de Foz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:



A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Foz

Por acordo da Xunta de Goberno de data 26-06-2020, foi aprobada modificación ao plan único 2019 no relativo ao Concello de Foz, de xeito que todos os investimentos quedaron incluídos nun so, sendo licitados e adxudicados en 2 lotes, segundo consta na documentación achegada polo Concello, e producíndose os seguintes remanentes:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICA. ORZ.		ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL	BAIXA
FOZ	107	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALEMPARTE-VILAMOR (CANGAS), CABANAS-LAMALLADA E APEADERO-CARPACIDE (NOIS), BARGADO-LOUSADA (FAZOURO), RIO – O CARMEN (VILARONTE) E SANTA CILLA	1531.76201	LOTE 1:	11.412,60	104.134,31€	115.546,91€	41.148,10€
				LOTE 2:	--	89.017,80€	89.017,80€	33.377,08€
								74.525,18€

Por acordo da Xunta de Goberno de data 31-07-2020 aprobouse o modificado do investimento nº 107, financiándose o incremento do mesmo con parte das baixas producidas na adxudicación deste, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICA. ORZ.		ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL	AUMENTO MODIFICADO	TOTAL INC. MODIFI.
FOZ	107	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALEMPARTE-VILAMOR (CANGAS), CABANAS-LAMALLADA E APEADERO-CARPACIDE (NOIS), BARGADO-LOUSADA (FAZOURO), RIO – O CARMEN (VILARONTE) E SANTA CILLA	1531.76201	LOTE 1:	11.412,60	104.134,31€	115.546,91€	11.486,29€	127.033,20€
				LOTE 2:	--	89.017,80€	89.017,80€	8.850,73€	97.868,53€
				TOTAL	11.412,60€	193.152,11 €	204.564,71€	20.337,02€	224.901,73€

Así mesmo, por escrito de data 06/08/2020, o concello solicita a aplicación de baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” para o aboamento de liquidacións destas obras; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	--	54.186,56€	54.186,56€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Foz, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	--	54.186,56€	54.186,56€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Terceiro.- *Escrito do Concello de Bóveda, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 44-45-46 do Plan Único de Cooperación cos concellos 2019*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (44-45-46) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de

marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”.

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Bóveda



O Concello de Bóveda presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BÓVEDA	44	AXARDINAMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS: CAMPO DE FILGUEIRA E ENTORNO DA CAPILLA DO ECCE HOMO EN RUBIÁN E PRAZA	1711.76201	1.490,07€
BÓVEDA	45	PAVIMENTACIÓN DE ESTRADA ALFONXO XIII, ACCESO A ASPERA, ESTRADA DO MUÍÑO DO XIL, ACCESO A POLÍGONO DE BÓVEDA, RUA CASAS NOVAS, ACCESO A VILABOA, ESTRADA SOUTO-TEILÁN, ESTRADA DE RUBIÁN A EIMER, ACCESO A COVELO, ACCESOS EN MATÍN E ESTRADA DO LÍMITE CON PARADELA A A PORTAXE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	16.639,23€
BÓVEDA	46	FORMIGONADO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MOSTEIRO, GONDRAME E BEIRARRÚAS NO CS DE GUNTÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	3.705,15€

Así mesmo, por escrito de data 10/08/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
BÓVEDA	REM	TRABALLOS DE XARDINARÍA NA ÁREA RECREATIVA DE VER	1711.76201	--	1.490,07€	1.490,07€
BÓVEDA	REM	REPAVIMENTACIÓN DE VIALES DE ACCESO A NÚCLEOS DE PONTE DA CAL, VILABUXAN E VILAR DA VARA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	20.344,38€	20.344,38€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na

adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Bóveda, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Bóveda e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BÓVEDA	REM	TRABALLOS DE XARDINARÍA NA ÁREA RECREATIVA DE VER	1711.76201	--	1.490,07€	1.490,07€
BÓVEDA	REM	REPAVIMENTACIÓN DE VIALES DE ACCESO A NÚCLEOS DE PONTE DA CAL, VILABUXAN E VILAR DA VARA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	20.344,38€	20.344,38€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Serviplus total S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe de data 11/08/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IMPORTE A DESCONTAR EN CONCEPTO DE SEGURO	IMPORTE A PAGAR	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
19/726 GTM 2020/FAC- 01/000526	08/11/2019	27.830,00	7.550,12	20.279,88	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de San Estevo dende o día 15/04/19 ata o 25/04/19	4321.22799	92020/3497
19/733 GTM 2020/FAC- 01/000528	20/11/2019	10.769,00	1.397,52	9.371,48	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de Os Peares dende o 15/04/19 ata o 25/04/2019	4321.22799	92020/3498
TOTAL		38.599,00	8.947,64	29.651,36			

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia cada unha delas do Servizo de Turismo, de data 19/12/2019, de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformadas pola Deputada Delegada de Turismo.

Declaración responsable asinada en data 03/04/2020, pola representante de “Serviplustotal, S.L.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria Xustificativa da Xefa do Servizo de Turismo, para cada unha das facturas, de data 04/06/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe deste Servizo, de data 12/06/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 03/08/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 24/07/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á facturas da empresa Serviplustotal S.L. que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IMPORTE A DESCONTAR EN CONCEPTO DE SEGURO	IMPORTE A PAGAR	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
19/726 GTM 2020/FAC-01/000526	08/11/2019	27.830,00	7.550,12	20.279,88	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de San Estevo dende o día 15/04/19 ata o 25/04/19	4321.22799	92020/3497
19/733 GTM 2020/FAC-01/000528	20/11/2019	10.769,00	1.397,52	9.371,48	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de Os Peares dende o 15/04/19 ata o 25/04/2019	4321.22799	92020/3498
TOTAL		38.599,00	8.947,64	29.651,36			



Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Turismo, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 38.599,00 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir

outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo da Proposta de decreto:

“Informe do servizo de turismo relativo ao informe de intervención de data 17 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

Recibiuse no Servizo de Turismo o informe do Servizo intervención de data 17 de xuño de 2020 no que se pon de manifesto “nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IMPORTE A DESCONTAR EN CONCEPTO DE SEGURO	IMPORTE A PAGAR	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Serviplus total, S.L.	19/726 GTM 2020/FAC-01/000526	08/11/2019	27.830,00	7.550,12	20.279,88	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de San Estevo dende o día 15/04/19 ata o 25/04/19	4321.22799	92020/3497
Serviplus total, S.L.	19/733 GTM 2020/FAC-01/000528	20/11/2019	10.769,00	1.397,52	9.371,48	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de Os Peares dende o 15/04/19 ata o 25/04/2019	4321.22799	92020/3498
SUMA			38.599,00	8.947,64	29.651,36			

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non estea de acordo con este, plantexará ao Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos

legais en que sustente o seu criterio, de xeito que, polo Servizo de Turismo, se emite o seguinte

Informe

Que con data 11 de novembro de 2019 recibimos a factura 19/726 correspondente a “Rutas fluviais embalse de Santo Estevo período do 15 ao 25 de abril de 2019”, por importe de 27.830,00€ e que con data 20 de novembro de 2019 recibimos a factura 19/733 correspondente a “Rutas fluviais embalse dos Peares período do 15 ao 25 de abril de 2019”, por importe de 10.769,00€; facturas cuxa tramitación foi iniciada por este Servizo no mes de decembro de 2019.

Con data 25 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno aprobou os pregos de prescricións técnicas e as cláusulas administrativas para a contratación das prestacións necesarias para o funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo Estevo (Río Miño-embarcadoiro de Doade) e os Peares (Río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2019.

Con data 8 de febreiro de 2019 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data límite de presentación de ofertas ás 23:59 horas do día 7 de marzo de 2019.

Debido, principalmente, a que se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o procedemento dilatouse no tempo de xeito imprevisible.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de abril de 2019 procedeuse á adxudicación á empresa Serviplustotal S.L. do expediente administrativo EXP0003SE19-ABO, correspondente á contratación das prestacións necesarias para o funcionamento das rutas dos encoros de Santo Estevo (Río Sil- Embarcadoiro de Doade) e os Peares (Río Miño-Embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2019.



Tanto o contrato para esta prestación como a Acta de Inicio das prestacións asináronse – no Pazo Provincial- o día 26 de abril de 2019.

Non obstante, por indicacións do Deputado delegado de Turismo, don Eduardo Vidal Baamonde, o funcionamento das rutas fluviais iniciouse o día 10 de abril, mediante adxudicación de contrato menor (CMP2019/000159) á empresa Serviplus total, S.L, con CIF: B70019294, e importe de 17.545,00 euros, sendo o obxecto da prestación (que figura na adxudicación), o seguinte: “Execución das prestacións necesarias para o inicio do funcionamento das rutas fluviais desde o día 10 de abril ata esgotar o crédito, ou ata a sinatura do contrato prevista para o día 26 de abril de 2019”. Polo tanto, dada a prolongación no tempo da tramitación do expediente de contratación das Rutas Fluviais e, por interese económicosocial e turístico, a Deputación de Lugo, a través do seu Deputado delegado de Turismo, decidiu poñer en marcha o servizo das rutas antes da sinatura do contrato xa que este servizo é un alicerce para os sectores terciarios da economía da zona en plena tempada alta (Semana Santa).

Como queira que, o crédito do contrato menor esgotouse no pago das facturas correspondente aos traballos realizados os días 10, 11, 12, 13 e 14 de abril, para ambos embarcadoiros, é polo que, dende o día 15 de abril ata o día 25 de abril, en ambos embarcadoiros –o de Santo Estevo e o de Os Peares-, as embarcacións da Deputación de Lugo seguiron a funcionar- en plena tempada alta, encargándose da súa xestión e do funcionamento a empresa Serviplus total, S.L., sendo ésta a razón de ter que validar ámbalas dúas facturas correspondentes as prestacións de referencia dende o día 15 ata o día 25 de abril de 2019, (facturas 19/726 e 19/733).

Polo que se refire aos importes a descontar en concepto de seguro e, aos efectos de cumprir co establecido no Prego de Prescripcións Administrativas e Técnicas, onde se dicía no punto 2 (Obxecto do contrato e descrición dos traballos a realizar) que correrían a cargo do adxudicatario “o pago dos seguros necesarios para o desenvolvemento do contrato”, esta Unidade Administrativa solicitou aos Mediadores da Correduría Artai informe e desglose da prima correspondente a primeira anualidade do conxunto dos seguros dos catamaráns desta Deputación ao efecto de poder saber a cantidade que lle corresponde asumir á empresa

adxudicataria das rutas, Serviplus total, S.L., (informe e desglose que se achega no expediente). A este respecto, e de acordo co Informe e o desglose presentado, na Ruta de Os Peares (factura 19/733), onde a Deputación tivo 1 embarcación navegando, o Pelegrín II, o importe das pólizas dos seguros que debe asumir o adxudicatario, correspondentes a SOVI, Cascos e P&I é de 1.397,52 €; unha cantidade a detraer do importe total desta factura ao adxudicatario, e polo respecta a factura 19/726 o importe a descontar por este concepto, de acordo co informe da Correduría xa mencionada, na Ruta de Santo Estevo, onde a Deputación tivo 2 embarcacións navegando, o Cañón do Sil e mailo Mencía, o importe das pólizas dos seguros que debe asumir o adxudicatario, correspondentes a SOVI, Cascos e P&I é de 7.550,12 €; cantidade a detraer nesta factura ao adxudicatario.

O período total da prestación dos servizos facturados é dende o 15 ao 25 de abril de 2019, período comprendido entre que se esgotou o crédito do contrato menor tramitado e a sinatura do contrato de adxudicación das rutas, materializada o día 26 de abril de 2019.

O Servizo de Turismo non cuestiona a nota de reparo formulada polo Servizo de Intervención no exercicio da súa función de control interno da xestión económica e orzamentaria, que asume na súa integridade, pero debe deixar constancia das seguintes circunstancias:

Seguíuse o procedemento previsto na normativa de contratación para a contratación das prestacións necesarias para o funcionamento das rutas dos encoros de Santo Estevo (Río Sil- Embarcadoiro de Doade) e os Peares (Río Miño- Embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2019; un contrato suxeito a regulación harmonizada e na que resultou adxudicataria a empresa Serviplus total, S.L.

Para satisfacer a demanda de turistas e visitantes a este xeodestino, que se puxo de manifestó no considerable número de reservas recibidas para a Semana Santa de 2019, así como por razón de interese público provincial no funcionamento destas rutas fluviais, o Sr. Deputado delegado de Turismo, don Eduardo Vidal Baamonde, considerou necesario o inicio da prestación do servizo das rutas dende o 10 de abril de 2019 (nas mesmas datas que



figuraban no punto 3 das prescricións técnicas que aparecen no expediente administrativo xa sinalado, EXP0003SE19-ABO. Por esta razón, se iniciou a tramitación dun contrato menor (CMP2019/000159) e cuxo adxudicatario foi á empresa Serviplus total, S.L, con CIF:B70019294, e importe de 17.545,00 euros, sendo o obxecto da prestación a seguinte: “Execución das prestacións necesarias para o inicio do funcionamento das rutas fluviais desde o día 10 de abril ata esgotar o crédito, ou ata a sinatura do contrato prevista para o día 26 de abril de 2019”.

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o

procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.



Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	IMPORTE A DESCONTAR EN CONCEPTO DE SEGURO	IMPORTE A PAGAR	CONCEPTO
19/726 GTM 2020/FAC- 01/000526	08/11/2019	27.830,00	7.550,12	20.279,88	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de San Estevo dende o día 15/04/19 ata o 25/04/19
19/733 GTM 2020/FAC- 01/000528	20/11/2019	10.769,00	1.397,52	9.371,48	Servizo das rutas fluviais realizado no embalse de Os Peares dende o 15/04/19 ata o 25/04/2019
TOTAL		38.599,00	8.947,64	29.651,36	

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Serviplus total, S.L., por un importe total de 29.651,36 €:

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Servicios de Teleasistencia, S.A..*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe de data 11/08/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	Nº REXISTRO DE FACTURAS	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/158	31/03/2020	2020/1061	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de marzo do 2020.	18.834,60 €
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/210	04/05/2020	2020/1431	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de abril do 2020.	18.677,16 €
TOTAL					37.511,76 €

Visto que consta:



As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de data 05/06/2020 cada unha delas, da Sección de Benestar Social e Igualdade de que os servizos están prestados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social.

Declaración responsable asinada en data 11/08/2020, polo representante de Servicios de Teleasistencia, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento de ditas obrigas, durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 05/06/2020 para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas pola Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas para cada unha das facturas (de data 08/06/2020 correspondente á factura N° GAL20 2020/GAL20/158, e de data 09/06/2020 correspondente á factura N° GAL20 2020/GAL20/210), nos que se informa que existe consignación suficiente e axeitada polo importe total das facturas, na aplicación orzamentaria 2314.48910 (ADO.: 92020/3252 e ADO: 92020/3261).

Informe deste Servizo para cada unha das facturas (de data 10/06/2020 en relación coa factura N° GAL20 2020/GAL20/158, e de data 11/06/2020 en relación coa factura N° GAL20 2020/GAL20/210), nos que se inclúe a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 19/06/2020, levantando os reparos de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 16/06/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

En relación coa factura Nº GAL20 2020/GAL20/158:

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Servicios de Teleasistencia, S.A. GTM 2020/FAC_01/000108	GAL20 2020/GAL20/158	31/03/2020	18.834,60	Servizos de Teleasistencia, realizados no mes de marzo de 2020	2314.48910	92020/3252
SUMA			18.834,60			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Benestar Social e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:



Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 18.834,60 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha

discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención do 12 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	O
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/158	31/3/2020	18.834,60 €	2314.48910	92020/3252
TOTAL: 18.834,60 €					

Procede informar:



Que tendo en conta o informe emitido polo servizo de Intervención do 12 de xuño de 2020.

Que os servizos prestados foron estritamente necesarios para dar cumprimento a:

Os convenios de colaboración marco entre a Deputación e os concellos da provincia de Lugo para o desenvolvemento dun Programa de Teleasistencia Domiciliaria dende o 1 de xaneiro de 2013. Estes convenios atópanse vixentes a día de hoxe.

A ordenanza do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sendo publicada definitivamente no BOP de Lugo, núm. 204 do 05.09.2016 e as resolucións de concesión do servizo ao abeiro da mesma.

Así mesmo, salientar que os prezos e condicións das prestacións facturadas foron correctos e axeitados conforme ao estipulado no contrato do citado Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na Provincia de Lugo EXP0003SE13-ABO, do cal foi adxudicataria Servicios de Teleasistencia, S.A., e cuxa vixencia rematou o 31.07.2019.

Non se achega decreto de novas altas co presente documento dado que dende a última factura tramitada dentro da vixencia do contrato sinalado correspondente ao Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, non se produciron novas altas no servizo.

Asemade, informar que previamente á conformidade da factura que ocupa este informe, se deu traslado a todos os concellos da provincia, adheridos e asinantes do convenio regulador do programa de Teleasistencia Domiciliaria, dos partes de baixas e dos usuarios e usuarias en activo correspondentes ao mes de marzo de 2020, sen que se recibise contestación nin oposición no prazo de 5 días hábiles concedidos ao efecto, polo que enténdese a súa conformidade en relación ás prestacións facturadas.

En Xunta de Goberno de data 21 de febreiro de 2020, adxudicouse a contratación da prestación do servizo de teleasistencia á empresa Servicios de Teleasistencia, S.A., asinándose a acta de inicio do mesmo o 01.06.2020.

En todo caso, non se cumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente debido á carga de traballo da sección de Benestar Social e Igualdade, a cal impediu poder cumprir cos tempos necesarios para poder levar a cabo este expediente, xa que a posta en marcha dos Centros de Atención a persoas Maiores de Trabada, Pol e Ribadeo dende esta sección, sen contar con mais persoal do habitual, fixo totalmente inviable e materialmente imposible axilizar máis, dita tramitación.

Que os servizos de teleasistencia foron prestados, según se detalla:

Para a factura nº GAL20 2020/GAL20/158 os servizos prestados foron dende o 01.03.2020 ata o 31.03.2020.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a un total de 18.834,60 € (C/IVE).

Que non procede a esixencia de garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estritamente necesario, xa que deixar de prestar tal servizo social, podería poñer en risco a seguridade psicosocial de moitas das persoas usuarias que dependen nalgunha medida deste servizo.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación, actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.



En relación coa factura Nº GAL20 2020/GAL20/210:

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Servicios de Teleasistencia, S.A. GTM 2020/FAC_01/000650	GAL20 2020/GAL20/210	04/05/2020	18.677,16	Servizos de Teleasistencia, realizados no mes de abril de 2020	2314.48910	92020/3261
SUMA			18.677,16			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Benestar Social e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 18.677,16 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.



Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención do 12 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/210	04/05/2020	18.677,16 €	2314.48910	92020/3261
TOTAL: 18.677,16 €					

Procede informar:

Que tendo en conta o informe emitido polo servizo de Intervención do 12 de xuño de 2020.

Que os servizos prestados foron estritamente necesarios para dar cumprimento a:

Os convenios de colaboración marco entre a Deputación e os concellos da provincia de Lugo para o desenvolvemento dun Programa de Teleasistencia Domiciliaria dende o 1 de xaneiro de 2013. Estes convenios atópanse vixentes a día de hoxe.

A ordenanza do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sendo publicada definitivamente no BOP de Lugo, núm. 204 do 05.09.2016 e as resolucións de concesión do servizo ao abeiro da mesma.

Así mesmo, salientar que os prezos e condicións das prestacións facturadas foron correctos e axeitados conforme ao estipulado no contrato do citado Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na Provincia de Lugo EXP0003SE13-ABO, do cal foi adxudicataria Servicios de Teleasistencia, S.A., e cuxa vixencia rematou o 31.07.2019.

Non se achega decreto de novas altas co presente documento dado que dende a última factura tramitada dentro da vixencia do contrato sinalado correspondente ao Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, non se produciron novas altas no servizo.

Asemade, informar que previamente á conformidade da factura que ocupa este informe, se deu traslado a todos os concellos da provincia, adheridos e asinantes do convenio regulador do programa de Teleasistencia Domiciliaria, dos partes de baixas e dos usuarios e usuarias en activo correspondentes ao mes de abril de 2020, sen que se recibise contestación nin oposición no prazo de 5 días hábiles concedidos ao efecto, polo que enténdese a súa conformidade en relación ás prestacións facturadas.

En Xunta de Goberno de data 21 de febreiro de 2020, adxudicouse a contratación da prestación do servizo de teleasistencia á empresa Servicios de Teleasistencia, S.A., asinándose a acta de inicio do mesmo o 01.06.2020.

En todo caso, non se cumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente debido á carga de traballo da sección de Benestar Social e Igualdade, a cal impediu poder cumprir cos tempos necesarios para poder levar a cabo este expediente, xa que a posta en marcha dos Centros de Atención a persoas Maiores de Trabada, Pol e Ribadeo dende esta sección, sen contar con mais persoal do habitual, fixo totalmente inviable e materialmente imposible axilizar máis, dita tramitación.



Que os servizos de teleasistencia foron prestados, según se detalla:

Para a factura nº GAL20 2020/GAL20/210 os servizos prestados foron dende o 01.04.2020 ata o 30.04.2020.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a un total de 18.677,16 € (C/IVE).

Que non procede a esixencia de garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estritamente necesario, xa que deixar de prestar tal servizo social, podería poñer en risco a seguridade psicosocial de moitas das persoas usuarias que dependen nalgunha medida deste servizo.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación, actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Nos citados informes deste Servizo de datas 10/06/2020 e 11/06/2020, explíctase que analizados os arquivos existentes neste Servizo, constátase que non existían contratos en vigor no momento da realización das prestacións incluídas nas facturas, de modo que levantados os reparos, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas

en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado antes da realización das mesmas (EXP0003SE13-ABO).

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións nas condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva os reparos que unha vez levantados conservan os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os



reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden cun procedemento de licitación naquela época xa adxudicado, pero todavía sen formalizar o contrato nin a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/158	31/03/2020	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de marzo do 2020.	18.834,60 €
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/210	04/05/2020	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de abril do 2020.	18.677,16 €
TOTAL				37.511,76 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Servicios de Teleasistencia, S.A., por un importe total de 37.511,76 €:

Nº GAL20 2020/GAL20/158 de data 31/03/2020, correspondente ós servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de marzo do 2020, dun importe total de 18.834,60 €.

Nº GAL20 2020/GAL20/210 de data 04/05/2020, correspondente ós servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de abril do 2020, dun importe total de 18.677,16 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.



4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DUNHA FURGONETA PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 4 de agosto de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66WIBPAEODXK5CAFPXKPTGAA¹.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV66G2ASHYJIVDOTQEGGLZYGJY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito do día 25 de marzo de 2020.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66GGRP3MJ253FSUQHTIYCSIM.

Informe xurídico-administrativo conformado pola Secretaría xeral, con CSV: IV66GGQ2OE65TDU5SNICEA2EOY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV66GMA4ZNX2ZCRPY55GNYIVA4.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Proposta de Acordo da Presidencia, con CSV: IV67U4K63P7M55HKRUIAFZBO4Q.

Certificación de acordo de Xunta de Goberno de data 29 de maio de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67WUICAEFC7C5PURFUKFYFIM.

Anuncio de licitación publicado o día 01 de xuño do 2020 no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da sesión da mesa de contratación do día 22 de xuño de 2020, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, deuse conta aos membros da mesa de contratación de que no procedemento con número de expediente EXP020SU20ABO para adxudicar o contrato de suministro dunha furgoneta para o Parque Móbil Provincial, segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

BREOGÁN MOTOR S.L.
LUCUSCAR S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que os dous licitadores concorrentes achegan a documentación requirida no PCAP – Documento Anexo I- debidamente cumprimentado e asinado, procédese á apertura dos sobres “B” relativo aos criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, que neste caso son todos, cos seguintes resultados:



LICITADOR	PREZO OFERTADO	PRAZO DE ENTREGA OFERTADO	CILINDRADA OFERTADA	POTENCIA OFERTADA
BREOGÁN MOTOR S.L.	25.894,00 €	30	1997 cc	120 cv
LUCUSCAR S.L.	24.994,97 €	110	1997 cc	120 cv

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, cos seguintes resultados:

LICITADOR	OFERTA	NOTA
BREOGÁN MOTOR S.L.	25.894,00	82,05
LUCUSCAR S.L.	24.994,97	85,00

LICITADOR	OFERTA	NOTA
BREOGÁN MOTOR S.L.	30,00	5,00
LUCUSCAR S.L.	110,00	1,36

LICITADOR	OFERTA	NOTA
BREOGÁN MOTOR S.L.	1997,00	5,00
LUCUSCAR S.L.	1997,00	5,00

LICITADOR	OFERTA	NOTA
BREOGÁN MOTOR S.L.	120,00	5,00
LUCUSCAR S.L.	120,00	5,00

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	BREOGÁN MOTOR S.L.	97,05
2	LUCUSCAR S.L.	96,36

Requirir á empresa BREOGÁN MOTOR S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Requirimento cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03 de xullo de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido o día 14 de xullo de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acta da sesión da mesa de contratación do día 22 de xullo de 2020, na que se recolle o seguinte:

“Acto seguido procédese á apertura da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. José Ramón Ferreiro González.

Achega escritura de constitución ante o Notario do Colexio de A Coruña, D. Ramón González Gómez, do 21 de xaneiro de 1997, con número de protocolo 273.

Non consta poder do representante da empresa, non obstante é administrador único da empresa, polo que dito bastanteo segundo o establecido no PPT non resulta preciso, por ser dito extremo comprobable coa documentación aportada segundo se desprende da escritura de



elevación a público de acordos sociais, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Jacobo-EstebanPerez Rama, o día 4 de maio de 2004, con número de protocolo 530.

Consta recibo do IAE do exercizo 2019.Epígrafe 654.1 de varios concellos, entre os que se atopa o de Lugo. Achega certificación da axencia tributaria no que constan os epígrafes nos que se atopa dada de alta a empresa, entre os que está o 6541.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 13 de xullo.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 13 de xullo.

Consta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores, datada o 14 de xullo.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, bastantado o día 13 de xullo pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

Consta acreditado un volume anual de negocios, referido ao ano 2018 superior a 43 millóns de euros e ao ano 2017 superior a 37 millóns de euros; cun certificado de depósito de contas de data 20 de febreiro de 2020.

Polo que se refire á solvencia técnica ou profesional:

Consta relación de subministracións que se indica número de factura importe e data por importe superior ao esixido, non obstante non achega ningún certificado de boa execución

Non se aporta documento que conteña expresamente o interlocutor responsable por parte da adxudicataria, non obstante a mesa de contratación considera suficiente o DEUC, no que se recolle como persoa de contacto ao administrador único da empresa.

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación e as diferentes deficiencias detectadas, acordou, por unanimidade:

Requirir á empresa BREOGÁN MOTOR S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Acreditación da solvencia técnica:

Consta relación de subministracións realizadas nas que se indica número de factura importe e data, non obstante non achega ningún certificado de boa execución dos destinatarios finais da subministración. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de



maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor estimado do contrato : 14.980,00 €”.

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 4 de agosto de 2020, aos efectos de examinar a subsanación de documentación do art. 150 da LCSP, dase conta que:

O requirimento cursouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 23 de xullo de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido o día 27 de xullo de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese á cualificación da documentación presentada cos seguintes resultados:

Achega cinco certificados de boa execución de empresas, por importes superiores ao requirido.

Detéctase a existencia dun erro de transcripción na Acta da Mesa de Contratación do día 22 de xuño de 2020, que non altera a orde de clasificación dos licitadores, consistente en que o prezo ofertado polo licitador Breogán Motor S.L. non é 25.894,00 euros, senón 25.632,13 euros, cambiando lixeiramente a puntuación da oferta económica deste licitador, de 82,05 puntos a 82,89 puntos, así como a puntuación total, de 97,05 puntos a 97,89 puntos. Queda corrixido o erro deste xeito, coa conformidade dos presentes, sen alteración do resto de elementos dos acordos da acta que se corrixe.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite de subsanación, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Breogán Motor S.L., a contratación da subministración dunha furgoneta para o parque móbil provincial, por un importe máximo de 21.183,58 euros, aos que

se engadirán 4.448,55 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), o que ascende a un total de 25.632,13 euros.

A furgoneta entregarase pintada, rotulada e matriculada nas dependencias do Parque Móbil Provincial, nun prazo de 30 días naturais.

A furgoneta ofertada ten unha cilindrada de 1.997 cc. e unha potencia de 120CV.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Breogán Motor S.L., a contratación da subministración dunha furgoneta para o parque móbil provincial.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a realizar a subministración nun prazo máximo de 30 días naturais, por un importe máximo de 21.183,58 euros, aos que se engadirán 4.448,55 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), o que ascende a un total de 25.632,13 euros.



A furgoneta entregárase pintada, rotulada e matriculada nas dependencias do Parque Móbil Provincial, nun prazo de 30 días naturais. A furgoneta ofertada ten unha cilindrada de 1.997 cc. e unha potencia de 120CV.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE SUMINISTRO DE EMULSIÓN ASFÁLTICA TIPO C65B3TRG PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 4 de agosto de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66VUHNBMH5JLUT6ANVA4LCAY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV66VUJM3YXM7VJY5UV475A66Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV66WEC3PEZL7TUPWUXR6MLEIU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66QMLYJVRSZWX3YROGKRPS4U.

Informe xurídico firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV66QML5HMBP7XB24V7RD5YQAE.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV66RSHTEB43ZPZZUNWECECXM4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV66RSS5LNB4X3B4SVHFET27FY.

Acordo de Xunta de Goberno de data 28 de febreiro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV66SXKNLJ57YXGCQEHMMBACMA.

Anuncio de licitación remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 02 de marzo de 2020.

Anuncio de licitación publicado o día 04 de marzo do 2020 no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Suspensión dos prazos de tramitación dos procedementos de contratación en virtude da Disposición Adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se



declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público o día 16 de marzo de 2020.

Levantamento da suspensión do procedemento, publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público o día 06 de maio de 2020, en virtude de Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio.

Acta da mesa de contratación do día 28 de maio de 2020, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, deuse conta aos membros da mesa de contratación de que no procedemento con número de expediente EXP007SU20-ABO para adxudicar o contrato de Subministro de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, todos os criterios que figuran no prego e no anuncio de licitación son avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, e de que segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.
QUIMIASFALT S.L.L.
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que as empresas concorrentes presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente cumprimentadas e asinadas, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres “B”, presentados polos licitadores, cos seguintes resultados:

LICITADOR	PREZO OFERTADO
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	341,95 €
QUIMIASFALT S.L.L.	375,10 €
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	275,88 €

LICITADOR	% DE TRABALLADORES INDEFINIDOS
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	93,55
QUIMIASFALT S.L.L.	100,00
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	88,33

LICITADOR	% DE TRABALLADORAS
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	19,35
QUIMIASFALT S.L.L.	0,00
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	32,36

A cláusula 13 do PCAP dispón: “En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

(...)

Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

Detectouse que a oferta económica da licitadora REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. é anormalmente baixa ou desproporcionada, polo que a Mesa acorda concederlle trámite de audiencia a fin de que xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, no prazo de dez días hábiles.



Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”.

Acta da sesión da mesa de contratación do día 22 de xuño de 2020, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, procedeuse ao estudo do Informe Técnico elaborado polo Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, con CSV: IV67XXH6PXUNL7GIVROG4IDG4E, no que se conclúe que non procede considerar o prezo ofertado excesivamente baixo, o que implica que a súa oferta non representa unha baixa desproporcionada. A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, e, consecuentemente, aceptar a xustificación presentada pola empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.

Acto seguido procédese á aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO OFERTADO	NOTA
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	341,95 €	76,64
QUIMIASFALT S.L.L.	375,10 €	69,87
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	275,88 €	95,00

LICITADOR	% DE TRABALLADORES INDEFINIDOS	NOTA
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	93,55	2,34
QUIMIASFALT S.L.L.	100,00	2,50
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	88,33	2,21

LICITADOR	% DE TRABALLADORAS	NOTA
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	19,35	1,49
QUIMIASFALT S.L.L.	0,00	0
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	32,36	2,50

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	99,71
2	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.	80,47
3	QUIMIASFALT S.L.L.	72,37

Requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Requirimento cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03 de xullo de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido o día 17 de xullo de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acta da sesión da mesa de contratación do día 22 de xullo de 2020, que recolle o seguinte:

“Acto seguido procédese á apertura da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):



O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Francisco Javier Sánchez Caja.

Achega diversas escrituras entre as que se atopa a escritura de poder a favor do representante, outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de Madrid, D. Juan José de Palacio Rodríguez, o día 31 de marzo de 2017, co número de protocolo 826.

Non consta bastanteo de poder do representante da empresa.

Consta recibo do IAE do exercizo 2019 do Concello de Madrid. Epígrafe 616.5 Achega certificación da axencia tributaria no que constan os epígrafes nos que se atopa dada de alta a empresa, entre os que está o 6541 e declaración responsable de non ter causado baixa no epígrafe 616.5. Non consta último recibo do IAE do Concello de Rábade (pranta dende onde se suministra a emulsión asfáltica obxecto da presente contratación), se ben incorpórase ao expediente certificado de non ter débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo, documentación que a mesa de contratación considera suficiente.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 30 de abril.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 13 de maio.

Consta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores, datada o 16 de xullo.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, do 17 de xullo de 2020, bastanteado pola Avogacía do Estado

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:

Consta informe de auditoría de contas anuais. De conformidade co PCAP, o volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Polo que se refire á solvencia técnica ou profesional:

Consta relación de subministracións que se indica número de factura importe e data por importe superior ao esixido. Achega varios certificados de boa execución de traballos realizados no ano 2017.

Apórtase documento que contén como interlocutor responsable por parte da adxudicataria, a D. José Manuel Calvo Davila.

Non se achega acreditación do título de operador de produtos petrolíferos.

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación e as diferentes deficiencias detectadas, acordou, por unanimidade:



Requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Bastanteo de poder de D. Javier Sánchez Caja (bastanteo dado pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo).

Acreditación da solvencia financeira: De conformidade co PCAP, o volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Acreditación do título de operador de produtos petrolíferos”.

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 4 de agosto de 2020, aos efectos de examinar a subsanación de documentación do art. 150 da LCSP, dase conta que:

O requirimento cursouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 23 de xullo de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido o día 27 de xullo de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese á cualificación da documentación presentada cos seguintes resultados:

Achega bastanteo de poder de D. Javier Sánchez Caja pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

Achega informe de auditoría que contén as contas anuais de 2019 e certificación de asento de presentación no Rexistro Mercantil de Madrid, non constando o depósito. Non obstante, obra en poder desta Administración, no EXP002SU19-ABO, a conta de perdas e ganancias do exercicio 2017 acreditativa dun importe neto da cifra de negocios superior ao requirido co depósito de contas anuais no Rexistro Mercantil de Madrid.

Achega declaración do representante da empresa de que Repsol lubricantes y especialidades S.A. está participada por Repsol Petróleo S.A. e Repsol Comercial de Productos Petrolíferos S.A. e Anexo II listado da CSMC de empresas operadoras ao por maior de produtos petrolíferos, na que se relaciona ás empresas Repsol Petróleo S.A. e Repsol Comercial de Productos Petrolíferos S.A.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite de subsanación, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Repsol lubricantes y especialidades S.A., a contratación do suministro de emulsión asfáltica tipo C65B3TRG para o parque móbil provincial, EXP007SU20ABO, con duración de un ano, prorrogable por outro ano máis, por un importe máximo de 775.000,00 euros, aos que se engadirán 162.750,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), o que ascende a un total de 937.750,00 euros, atendendo ao seguinte prezo unitario: 228 €/Tonelada de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG, subministrada en planta, máis 47,88 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 275,88 €.

O número particular de persoas con contrato indefinido na empresa supón un 88,33 % do total da plantilla e o número particular de traballadoras (mulleres) da empresa á que represento supón un 32,36 % do total da plantilla.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Repsol lubricantes y especialidades S.A., a contratación do suministro de emulsión asfáltica tipo C65B3TRG para o parque móbil provincial, EXP007SU20ABO.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a realizar a subministración por un prazo de un ano, prorrogable por outro ano máis, por un importe máximo de 775.000,00 euros, aos que se engadirán 162.750,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), o que ascende a un total de 937.750,00 euros, atendendo ao seguinte prezo unitario: 228 €/Tonelada de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG, subministrada en planta, máis 47,88 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 275,88 €.

O número particular de persoas con contrato indefinido na empresa supón un 88,33 % do total da plantilla e o número particular de traballadoras (mulleres) da empresa á que represento supón un 32,36 % do total da plantilla.

Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración, en setembro de 2020, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe con IVE incluído (euros)
2020	312.583,33
2021	625.166,67
Total	937.750,00

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 a cantidade indicada, na correspondente aplicación.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de UN ANO, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio, prorrogable por outra anualidade ate un máximo de dous anos (1+1).

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PRECISOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Consta no expediente :



Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV:IV67YTTTCFVS5H57WV5FJYQUEU.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV677QB4B3WMVSBC65G457R7A.

Consignación orzamentaria con CSV IV67YKTJIHZL3HPMQNEFEMRWE4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67WYHOODXS767JCIUH54SEEQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV6722PC3RM55CZM4I7EK4SQCA.

Informe xurídico con CSV: IV6722TDFVFCQSM7QUFCC7YQ7Y.

Consta fiscalización do expediente de conformidade con CSV IV67223TZUMPTWX76N7VOBSC4M.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da deputación de Lugo.

2º.- Aprobado o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no

gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos medioambientais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato segundo o orzamento base de licitación deste contrato integrado por base e IVE ascende a cantidade de 2.346.674,00 €, para os exercicios 2020 e 2021. Na seguinte táboa resúmese a distribución deste orzamento por lotes:

LOTES	ORZAMENTO 2020 (IVE engadido)	ORZAMENTO 2021 (IVE engadido)
LOTE 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.	359.000,00	630.000,00
LOTE 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico.	301.000,00	480.000,00
LOTE 3. Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.	64.400,00	332.500,00
LOTE 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e creación de contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.	39.774,00	140.000,00
	764.174,00	1.582.500,00

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias correspondentes segundo o informe emitido ó efecto.



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 e no seu caso 2022 e 2023 as cantidades que corresponden co orzamento de licitación.

Os gastos plurianuais están sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprese os requisitos 2º e 3º e esta previsto que o gasto se inicie no presente exercicio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA AS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO E VIXILANCIA DA SAÚDE, ASÍ COMO O NECESARIO APOIO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL E ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6722RYGFPIUROMBQFRNZKPFY.

Prego de prescricións técnicas con CSV:IV6722RONVZOV3F77TXAGFBTGE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67SKA6PHR54XZLA5VCO4KUF4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, polo órgano de contratación , se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a contratación do servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada, cunha duración dous anos, prorrogables por outros dous (2+2).

Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e que permitan a contribuír a un servizo de calidade.



Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 201.472 euros euros. O orzamento base de licitación inclúe 21.672 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 179.800 euros euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O gasto financíase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2020	2210.22799	8.394,67
2021	2210.22799	100.736
2022	2210.22799	92.341,33

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 8.394,67 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio .

As anualidades non excederán de 4 anos .

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano..

Cúmprese os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

8.- DECLARA DESERTO, SE PROCEDE, O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN (TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, DATOS E ACCESO A INTERNET) DA REDE INTERADMINISTRATIVA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Dáse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se manifesta que se produciu un erro material na transcripción do título do presente asunto incluído na Orde do Día da sesión da Xunta de Goberno para o día catorce de agosto de dous mil vinte; propoñendo a súa corrección de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a dita proposta, quedando polo tanto a redacción do título do asunto número oito do seguinte xeito:

DECLARAR DESERTO, SE PROCEDE, O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA DOS EQUIPOS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEADO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

Anuncio previo publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 13-03-2020.

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV674CDZHI4S7T42XVIXEAPRKQ².

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6766JDJEEKJ3NIUXYFKUYH4A.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV674CD6JFZJ4TG22IOHM57HMQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:IV675X2MF4B47WJ4QJV5I3T7K4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV676CTZHLSVL5K3RFCAYC7KY.

Envío do anuncio de licitación ao DOUE en data 24.07.2020, e posterior publicación no Diario o día 28.07.2020.

Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 27.07.2020, onde se indica que o prazo para a presentación de ofertas finaliza o día 10.08.2020 ás 23:59 horas.

Consultada o día 11.08.2020 a Plataforma de Contratos do Sector Público, confírmase que non existen ofertas presentadas para este procedemento.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, e en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar deserto o concurso público para a contratación da subministración mediante arrendamiento sen opción de compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación Provincial de Lugo. EXP0011SU20ABO.

Motivación: non se presentou ningunha oferta para este concurso no prazo establecido como límite para presentación de ofertas (10 de agosto de 2020) e que consta no anuncio de licitación publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

2º.- Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Publico e dar traslado do mesmo ao Servizo de Novas Tecnoloxías aos efectos do seu coñecemento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME EMITIDO EN RELACIÓN AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA LICITADORA, EN COMPROMISO DE UTE INTEGRADA POLAS MERCANTÍS HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L., E IURISLOCALIA, S.L.P.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Téndose recibido Recurso nº: 129/2020 interposto por UTE IURISLOCALIA CONSULTORES SLP E HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L contra a resolución de adxudicación, pola Deputación Provincial de Lugo, da contratación dun servizo para realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola



utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, expediente EXP0029SE18-ABO.

Resultando coñecido o criterio manifestado polo órgano de contratación en sede do anterior recurso N.º 258/2019, que se executou nos termos da resolución e seguindo o informe emitido pola asesoría xurídica, parámetros de execución, ambos, que se explicitan e detallan na resolución impugnada.

Como queira que se actuou en execución da resolución ditada nos termos expostos, non se aprecia motivación para a formulación de consideracións adicionais sen prexuízo de que o TACGAL co seu superior criterio e no marco das súas competencias resolva o que estime oportuno.

Proponse que se adopte como informe do órgano de contratación no Recurso nº: 129/2020 o teor do presente, dándolle traslado do mesmo ó TACGAL xunto co expediente administrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

10.- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN TOTAL DAS OBRAS DE A FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)- NAVIA DE SUARNA (LU-722)”, P.K. 0+000-4+350, ATA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO, A SÚA APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“José Fernández Parajes, director técnico das obras de A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000–4+350, informa:

O proxecto da obra de A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350 foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 08 de outubro de 2018, por un importe de 780.000,00€, dos cales 135.371,90€ corresponden ao IVE.

A obra foi adxudicada a empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019, no prezo de 593.263,00 €, dos cales 102.963,00 € son de IVE, e un prazo de execución de 12 meses.

Con data 06 de marzo de 2019, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

En data 04 de abril de 2019, asínase acta de comprobación de reformulo, na que se indican que se dispón dos terreos necesarios, con excepción dos que nela se sinalan, que deberán completarse a súa dispoñibilidade previamente a súa ocupación.

Por Resolución da Presidencia, de data 17 de febreiro de 2020, aprobouse unha ampliación do prazo de execución da identificada obra, ata o 04 de outubro de 2020.

Con data 28 de xullo de 2020, comunicase que a Xunta de Goberno desta Excmá. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo de aprobación para a redacción de modificado do proxecto da obra de: A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000– 4+350.

Como o importe máximo previsto do modificado ascende ao 33,09%, superior polo tanto ao 20%, segundo o artigo 242.5 da LCSP non se poderá acordar que continúen provisionalmente as obras, polo que será necesario facer unha suspensión temporal total da execución das obras.

Por todo iso, propónse á Xunta de Goberno a suspensión total das citadas obras, mediante a firma da acta de suspensión, ata que se redacte, aprobe e formalice o proxecto modificado,



procedéndose nese momento a continuación das obras mediante a firma da súa correspondente acta.

Por parte do contratista renunciárase expresamente a calquera reclamación de danos e prexuízos efectivamente sufridos debido á suspensión.

Se o Órgano de contratación acorda a suspensión do contrato, estenderase unha acta de suspensión, en cumprimento do disposto no artigo 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Manuel Mendoza Castiñeira, Guía do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 27 de agosto de 2020.

Tendo en conta que D. José Manuel Mendoza Castiñeira terá recoñecidos 39 anos, 11 meses e 23 días o día 27 de agosto de 2020, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida (...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:



Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

[...].”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, tendo presente que D. José Manuel Mendoza Castiñeira terá acreditado, á data do 27 de agosto de 2020, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. José Manuel Mendoza Castiñeira, con efectividade do día 27 de agosto de 2020 , último día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

12.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 100/2020-L.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que, entre outros extremos, se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 100/2020-L interposto por don Amadeo Lavandeira Agra fronte á resolución do Presidente desta Deputación de data 7 de febreiro de 2020, pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 14 de febreiro de 2020 (expte. Nº 2/2018), e que ten a súa orixe nos danos sufridos en accidente de circulación

na estrada (LU-P-2907) de A Campa da Barra a Coeses”; e vista a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.